CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTIVIDADES XUVENTUDE DE BERGONDO 2023

Obxectivos:

- Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede galega de información xuvenil.
- Fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade e a participación xuvenil no ámbito local.
- Lograr unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual.

Destinatarios: de 12 a 30 anos.
Calendario: abril a decembro de 2023.
O programa consta de actividades variadas onde valoraremos un número mínimo de participantes por grupo.
Prezo: actividades gratuítas.

BASES DAS ACTIVIDADES PARA A XUVENTUDE 2023

As actividades, organizaranse prioritariamente para persoas empadroadas no Concello de Bergondo.

1. **Prazo de presentación de solicitudes**: das 00.00 h. do día 5 de xuño ata unha semana antes da realización de cada unha das actividades.
2. **Horario e forma de presentación de solicitudes**:
• Vía correo electrónico: no correo electrónico **educacion@bergondo.gal** enviando a solicitude autocompletable que aparece na páxina web **bergondo.gal** (preferentemente)
(Enviarase a confirmación da solicitude, vía correo electrónico, desta anterior vía)
• Vía telemática a través da sede electrónica municipal.
• Vía presencial: de 9.00 a 14.30 h. na Casa de Cultura. SEN CITA PREVIA no **981 79 12 52 ext.7**
3. **Listaxes provisionais**: faranse públicas unha semana antes de cada actividade e comunicaráselles aos inscritos os listados provisionais da actividade, vía correo electrónico.
4. **Prazo de reclamacións**: Os prazos de reclamacións serán de dous días, desde a publicación e comunicación das listaxes provisionais de cada actividade.
5. **Sorteo público**: Si hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, o día seguinte ao prazo de reclamacións, na Casa da Cultura, ás 10.00 h.
6. **Listaxes definitivas**: O día ao sorteo, se houbese, comunicaráselles aos inscritos, vía correo electrónico, as listaxes definitivas de admitidos. O resto dos inscritos figuran na lista de reserva.
7. **Documentación necesaria para formalizar a inscrición**:
- Folla de inscrición debidamente cuberta.
- Fotocopia do DNI (no caso de ser menores de idade, unha fotocopia do DNI da nai, pai ou titores legais)
8. **O Concello de Bergondo** resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, etc. que se consideren necesarias por motivos organizativos.
9. **As persoas ou representantes dos menores** que participan na actividade que realizan as solicitudes nas actividades de xuventude 2023:
• Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
• Fan constar que o/a inscrito/a non padece enfermidade que os incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
• Autorizan unicamente a ceder os datos persoais imprescindíbeis da solicitude á empresa que desenvolverá a actividade.
• Autorizan a utilizar as imaxes tomadas na actividade, nas cales aparezan individualmente ou en grupo, para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos ou carácter pedagóxico.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

• De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, se informa de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da sede electrónica.

10. **En caso de haber máis solicitudes que prazas**, levarase a cabo un sorteo público no **que terán preferencia as persoas empadroadas** no Concello de Bergondo. As non empadroadas non entrarán no sorteo. Para o sorteo elaborarase unha listaxe por orde alfabética co apelido e o nome das persoas solicitantes e un número correlativo. A continuación sacarase un número ao azar e o número que saia será onde comeza a listaxe de persoas admitidas.
Os inscritos sen praza, as persoas non empadroadas e as novas inscricións despois das datas do sorteo, incorporaranse a unha listaxe de reserva.

MEDIDAS DE CONTROL DA SAÚDE E PREVENCIÓN.

- **Garantizarse o cumprimento de protocolos de seguridade** (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- **Os profesionais** a cargo dos menores **velarán pola seguridade na actividade** mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada nas instalacións, o adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e control da temperatura dos participantes.
- **Os proxenitores** ou titores dos participantes **deberán responsabilizarse** da súa situación particular.
- **As persoas participantes** nas actividades non poderán asisitir a estas con enfermidades contaxiosas ou que presenten síntomas como: febre, vómitos, diarrea, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel así como no caso de ter piollos ou lendias.

ACTIVIDADES

8 - OBRADOIRO LSE

TEMPO: Desenvolverase este obradoiro en 3 sesións de 2h.
CALENDARIO: **mércores 28, xoves 29 e venres 30 de xuño de 2023.**
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): de tarde. 17:30 a 19:30 horas.
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas.
DE QUE VAI: obradoiro práctico de iniciación á lingua de signos.
Teoría: Que é a Lingua de Signos. Mitos
Parámetros de formación LSE
Como se establece a comunicación coas persoas xordas
Comunidade xorda: costumes e cultura xorda
Pegada dixital
Práctica : Presentación. Vocabulario básico para iniciar unha conversa.
Formación de oracións e diálogos.
MATERIAL: temario para cada participante.
GRUPOS MÁX: 12 persoas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

3 - Actividade de DESEÑO PARTICIPATIVO, COORDINACIÓN, DIRECCIÓN E EXECUCIÓN DUNHA ACCIÓN DE PERFORMANCE, centrada na sensibilización sobre a sustentabilidade vinculada coa auga.

Entidade que executará a actividade, o Servizo de Artefeito Producións S. Coop. Galega. Fondo Galego de Cooperación.

1.- OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

A presente actividade ten unha dobre finalidade:

• Concienciar ao grupo de persoas participantes sobre a sustentabilidade vinculada coa auga, entender a auga como Dereito Humano fundamental, así como sensibilizar na idea de que se trata dun recurso que require a súa protección.

• Capacitación das persoas asistentes no potencial da performance para a transformación social e posterior representación na rúa.

Na nosa iniciativa, as persoas participantes serán protagonistas de todo o proceso, desde a elección da temática, ata boa parte dos aspectos da posta en escena final.

2.- CONTIDOS DA ACTIVIDADE

En todos os casos, as sesións terán unha orde lóxica, evidente e regular segundo os contidos propostos.

En primeiro lugar unha sesión de información e sensibilización de caracter ambiental, así como a dinamización de grupos de traballo para tomar decisións sobre os aspectos de máis interese e que, finalmente, serán o punto de partida para o traballo específico da performace final. A continuación, dúas sesións de obradoiro de dramatización, teatro e performace, que derivará na creación da acción artística de rúa final.

A duración total deste proceso será de 6,25 horas, distribuído en 3 sesións de traballo.

Os contidos técnicos do obradoiro divídense en dúas áreas:

1ª) Unha sesión de 2 horas centrada na sensibilización sobre a sustentabilidade vinculada coa auga, a auga como Dereito Humano fundamental, así como un recurso que require a súa protección, impartida por unha técnica ambiental.

2ª) Dúas sesións de 4,25 horas (duración total) orientadas á capacitación das persoas asistentes no potencial da performance para a transformación social, dinamizados por un/unha profesional das artes escénicas galegas.

A continuación, e preferiblemente nunha cuarta xornada de traballo, levarase a cabo a acción de performance dirixida e dinamizada polo/a mesmo/a profesional que asumiu o obradoiro.

3.- TEMPORALIZACIÓN Esta actividade realizarase entre os meses de marzo e xuño de 2023, nas datas e horarios concretos que determinemos entre @s monitores/as de cada área, o Concello e as persoas participantes. Neste sentido, a nosa idea é adaptar a planificación temporal dos obradoiros ás posibilidades, dinámicas e características de cada grupo. É a nosa intención adaptar o noso calendario e planificación temporal ás persoas participantes, tendo en conta as súas rutinas, a súa dinámica habitual de reunión e de traballo e, por suposto, a dispoñibilidade do local municipal que se empregue para as diferentes sesións formativas.

4.- NECESIDADES TÉNICAS É responsabilidade do Concello formar o grupo de persoas participantes nesta actividade. O ideal é que sexa un grupo previamente formado e que non sobrepase as 15 persoas que sexan de idades homoxéneas.

O Concello aportará un local para realizar as sesións de traballo: un espazo amplo, diáfano, confortable, con enchufes e, na medida do posible, con cadeiras.

5.- CALENDARIO:	**Luns 3, mércores 5 e venres 7 de xullo de 2023.**
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL):	de mañá, de11:00 a 13:00 horas.
LUGAR:	Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas.

7 - OBRADOIRO DE MAXIA E ILUSIONISMO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

TEMPO: este obradoiro ten unha duración de 2h.
CALENDARIO: **venres, 7 de xullo de 2023.**
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): de tarde. 17:30 a 19:30 horas.
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas.
DE QUE VAI: O obradoiro "Maxia e ilusionismo" pretende achegar a mozos e mozas a nobre arte do engano, que a vista de todas e todos é maxia e ilusionismo. Baixo esta premisa comezarase cunha breve introducción á historia da maxia, do ilusionismo así coma dos grandes magos internacionais e nacionais. É importante remarcar que se ven este obradoiro é de maxia e ilusionismo, non é un show no cal o mago fai os seus trucos sen máis. Desvelar o que acontece detrás do truco e ensinar como facer a maxia as e os asistentes é, o verdadeiro obxectivo deste obradoiro.
A QUEN VAI DIRIXIDO: xuventude de 12 a 30 anos.
MATERIAL: Tinguidura para roupa, gomas, luvas, un barreño ou recipiente.
GRUPOS MÁX: 12 persoas.

4 ˇ OBRADOIRO DE DEBUXO E CARICATURAS
TEMPO: este obradoiro ten unha duración de 2h.
CALENDARIO: **luns, 10 de xullo de 2023.**
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): de mañá, das 11.00 ás 13:00 horas.
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas.
DE QUE VAI: obradoiro práctico para aprender debuxo e caricatura con varias técnicas.
A QUEN VAI DIRIXIDO: xuventude de 12 a 30 anos.
MATERIAL: plumas de pincel de auga, proxector, caderno de debuxo.
GRUPOS MÁX: 12 persoas.

5 ˇ OBRADOIRO DE DJ
TEMPO: este obradoiro ten unha duración de 2h.
CALENDARIO: **mércores, 12 de xullo de 2023.**
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): de mañá, das11.00 ás 13:00 horas.
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas.
DE QUE VAI: A través da introdución á figura dos DJs, o diferentes formatos ou soportes sonoros, especialmente vinilos, nun taller esencialmente práctico dirixido a todas as persoas interesadas nas técnicas de creación musical DJ.
A QUEN VAI DIRIXIDO: xuventude de 12 a 30 anos.
MATERIAL: 2 Set de Dj completos. Set DJ analóxico formado por 2 tocadiscoses, una mesa de mesturas, altofalantes, cableado y colección de discos de estilos diversos. 2 Sets DJ xigital formado por controladora, 2 iPads y 2 altofalantes.
GRUPOS MÁX: 12 persoas.

6 ˇ OBRADOIRO DE TIE DYE
TEMPO: este obradoiro ten unha duración de 2h.
CALENDARIO: **venres, 14 de xullo de 2023**
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): de mañá, das 11:00 ás 13:00 horas.
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas.
DE QUE VAI: técnica para tinguir camisetas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

Aprenderemos: Como preparar un colorante. Como preparar o tecido para que a tingadura sexa duradeira. Diferentes tipos de enlazados, atados e bloqueos.
A QUEN VAI DIRIXIDO: xuventude de 12 a 30 anos.
MATERIAL: Tintura para roupa, gomas, luvas, Un barreño o recipiente.
GRUPOS MÁX: 12 persoas

9 ˇ "SCAPE ROOM"
TEMPO: este xogo ten unha duración de 1h cada grupo.
CALENDARIO: **venres 14 de xullo de 2023.**
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): de tarde, ás 17:30 horas.
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas.
DE QUE VAI: Un escape "room", é un xogo de aventuras físicas e psíquicas, que consiste en encerrar a un grupo de xogadores nunha sala, onde deberán resolver enigmas e crebacabezas de todo tipo, para desentrañar unha historia e conseguir escapar antes do final do tempo dispoñible (normalmente 60 minutos). Cada xogo pódese ambientar nun escenario completamente diferente: naves espaciais, búnkeres militares, casas encantadas, guarida dun asasino en serie, oficina do director da escola e infinitos temas.
A QUEN VAI DIRIXIDO: xuventude de 12 a 30 anos.
GRUPOS MÁX: 12 persoas.

10 ˇ OBRADOIRO EXPERIMENTOS CIENTÍFICOS
TEMPO: este obradoiro ten unha duración de 2h.
CALENDARIO: **sábado, 15 de xullo de 2023.**
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): de mañá, de10:00 a 12:00 horas.
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas.
DE QUE VAI: Divididos en varios postos diferenciados, os/as participantes irán pasando por cada estación onde se explicará un principio científico e realizarán un experimento. Exemplos de experimentos:
-Presión atmosférica: experimento do ovo e a botella.
-Condutividade da auga salgada: experimento con zoante.
-Moléculas: experimento da bolsa e do lapis.
-O son pode bailar, aínda que non o vexamos: Alien Oobleck, experimento de resonancia.
MATERIAL: o preciso para cada experimento.
GRUPOS MÁX: máximo 5 persoas por estación.

1 ˇ EXPOSICIÓN DE REALIDADE AUMENTADA - LOCALIZACIÓNS NO CONCELLO DE BERGONDO, un papel activo na loita contra o cambio climático.

Solicitamos en nome do Concello de Bergondo a exposición de realidade aumentada do proxecto europeo People & Planet.
O plan está financiado polo programa DEAR da Comisión Europea e involucra a 19 entidades de oito Estados membros, entre elas o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e de Cabo Verde.
A actividade foi concedida e sen custo para o Concello.
É unha actividade de rúa.
Completamos os puntos a incorporar á exposición.
As diferentes localizacións conforman un roteiro ordenado que para realizar camiñando.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

EXPOSICIÓN DE REALIDADE AUMENTADA - LOCALIZACIÓNS NO CONCELLO DE BERGONDO

ODS	Suxestión	Punto escollido	Coordenadas / Enderezo exacto
1	Casa do concello	**Casa do Concello de Bergondo. Estrada A Coruña/Ferrol, 12 15165 Bergondo**	Latitude: 43.319588 Lonxitude: -8.234373
2	Servizos Sociais	**Edificio de Servizos Sociais. Orientador laboral. Estrada A Coruña/Ferrol, 12 15165 Bergondo**	Latitude: 43.319802 Lonxitude: -8.233785
3	Centro de saúde	**Centro de Saúde de San Cidre. Rúa de San Isidro, 8 15165 Bergondo**	Latitude: 43.320136 Lonxitude: -8.234277
4	Fonte	**Fonte pública Estrada A Coruña/Ferrol, 12 15165 Bergondo**	Latitude: 43.320105 Lonxitude: -8.233895
5	Instituto de Educación Secundaria	**CPI de Cruz do Sar A Senra, 33 15165 Bergondo**	Latitude: 43.319903 Lonxitude: -8.22659
6	Persoas con necesidades específicas	**Centro de Promoción da Autonomía Persoal CPAP. Camiño da Praia O Regueiro, 110 Fiobre. 15165 Bergondo**	Latitude: 43.331359 Lonxitude: -8.219224
7	Praia	**Praia do Regueiro. Moruxo. 15165 Bergondo**	Latitude: 43.332283 Lonxitude: -8.219905
8	Ponte/praia	**Ponte Pasaxe do Pedrido AC-171, 40. Moruxo. 15165 Bergondo**	Latitude: 43.327424 | Lonxitude: -8.210874
9	Espazo natural	**Pazo de Mariñán, Mariñán, 81 15165 Bergondo**	Latitude: 43.317309 Lonxitude: -8.216536
10	Bosque	**Ruta do Rego Callou 15319 Bergondo**	Latitude: 43.284604 Lonxitude: -8.233374

Por que?
Un dos principais piares do proxecto europeo ‘People and Planet’ é mobilizar a xente nova para que desenvolva un papel activo na loita contra o cambio climático e, a partir de aí, convidar a outras mozas e mozos a unírense

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

a este obxectivo. Un bo xeito de chegar a máis mocidade é a través das novas tecnoloxías, vinculándoas ao espazo público. Son as denominadas "accións de rúa", que buscan promover un activismo cotiá poñendo de relevo como iniciativas sinxelas poden contribuír de xeito efectivo a acadar un barrio / cidade / rexión / país máis sostible.

Quen?

Nos oito estados membros da UE que participan no proxecto levaranse a cabo un total de 400 accións de rúa, aliñadas cos cinco principios da Axenda 2030: Persoas, Planeta, Paz, Prosperidade e Parcerías. A metodoloxía da exposición de realidade aumentada empregarase en quince concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Os que inicialmente manifestaron interese foron: As Pontes, Bergondo, Boiro, Burela, Cabanas, Covelo, Guitiriz, Moeche, Pontedeume, Rianxo, Rodeiro, Valga, Verín e Viana do Bolo.

Cando?

A mediados de ano, poderán organizarse desde visitas guiadas ata actividades educativas arredor da mostra, preferentemente antes do mes de outubro de 2024, data de peche do proxecto 'People & Planet' na que haberá que remitir á UE o balance de resultados.

Como?

A exposición de realidade aumentada estrutúrase arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ligando as realidades local e global. Para isto, o Concello de Bergondo elixiu 10 localizacións, vinculadas a outros tantos ODS, nas que se instalarán códigos QR para acceder a través do teléfono móbil a información sobre as mesmas, o ODS correspondente e como se asocia aos países do Sur.

2 - A PROTECCIÓN DA INFANCIA FRONTE Á VIOLENCIA, DENDE A MIRADA DA AXENDA 2030.

Entidade: educo (Member of ChildFund Alliance). Cooperación galega.

Obxectivos

▪ Contribuír ao desenvolvemento dunha cidadanía global, crítica e activa para a protección da infancia fronte á violencia no marco da Axenda 2030 (ODS 16.2).

▪ Fortalecer as capacidades e actitudes de nenas, nenos e adolescentes e axentes chave para a promoción de procesos de educación para a transformación social na defensa do dereito á protección da infancia e adolescencia no mundo no marco da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles.

Contidos

O desenvolvemento desta proposta metodolóxica terá tres enfoques fundamentais:

▪ Enfoque teórico: Por un lado realizarase un percorrido teórico para que as e os participantes coñezan a Axenda 2030, os Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) e as diferentes tipoloxías de violencia. Esta parte contará cun total de 3 sesións.

▪ Enfoque Global: entre a fase teórica e práctica, haberá unha sesión na que por un lado coñecerán outros tipos de violencia relevantes a nivel global como son a violencia racista, violencia sexual comercial ou a trata de persoas. Para iso, farase un intercambio virtual con mozas e mozos de idades similares de Bolivia, no que escoitarán diferentes testemuños e poderán compartir as realidades nas que viven, uns e outros, entorno ao concepto de violencia.

▪ Enfoque práctico: unha vez feita unha aproximación teórica, damos un paso cara á acción: que podemos facer nós? En 3 sesións, tras unha aproximación teórica e o recoñecemento doutras realidades a nivel global, xa estarán listos para poder planificar, elaborar e por en marcha unha campaña de sensibilización para a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

prevención da violencia na infancia.

Educo: Sesións informativas na Senra:
- Luns 17 de abril: 3.ºs e 4.ºs ESO de 15:45 a 16:35
- Martes 18 de abril: 1.ºs e 2.ºs ESO de 14:00 a 14:50.

Educo. Sesións "creativas" para 3.º ESO:
- 3.ºA: Os mércores 3,10 e 24 de maio de 14:00 a 14:50
- 3.ºB: Os luns 8, 15 e 22 de maio de 12:05 a 12:55.

Xa realizada.

Bergondo, 1 de xuño de 2023

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).